



1. PROFESORADO.

1.1 Equipo Directivo:

Javier F. Rouco Ferreiro, Director.
Laura Cernadas Caamaño, Xefa de Estudos.
Miguel Vázquez Rivas, Secretario.

1.2. Titorías:

Santiago Fariña Barreiro, E.I. 3 anos.
M^a Belén Veleiro Tenreiro, E.I. 4 anos.
Javier F. Rouco Ferreiro, E.I. 5 anos
Diego Vázquez Villamizar, E.P. 1^o
Carlota Sacedón Naveira, E.P. 2^o
José Calvo Varela, E. P. 3^oA
Alberto Vázquez Alonso, E. P. 3^oB
Alba Blanco Costa, E.P. 4^o
Isabel M. Iglesias Herrero, E.P. 5^o
Laura Cernadas Caamaño, E.P. 6^oA
Laura Canzobre Esmorís, E. P. 6^oB

1.3. Outro profesorado:

Amparo Fernández Batán, Apoio E.I.
Pablo Míguez Sanmartín, Inglés e apoio en 6^o Infantil.
María Irma Rodríguez Bermúdez, Inglés.
Miguel Vázquez Rivas, Educación Física.
Jesus J. Celemin Santos, Música.
Ana M^a Novo Cienfuegos, Pedagogía Terapéutica.
Ana María Godoy Vega, Audición e Linguaxe.
Indalecio Ramudo Andián, Orientador.
Sonia Saló García, Relixión Católica.
Elisa Marques Naveiras, Relixión Evanxélica.

1.4. Persoal non docente:

Coidadora.
Intérprete de signos.
Conserxe.

2. CALENDARIO ESCOLAR

2.1. Xornada Lectiva:

As actividades lectivas realízanse do día 11 de setembro de 2023 ata o 21 de xuño de 2024, en horario de 9 a 14 h., contemplando ao comezo o período de adaptación para o alumnado de 3 anos.

2.2. Días non lectivos:

- Período de vacacións: Nadal, do 22 de decembro ao 7 de xaneiro (ambos inclusive); Entroido: 12, 13 e 14 de febreiro; Semana Santa, do 25 de maio ao 1 de abril (ambos inclusive).
- Considéranse non lectivos a efectos académicos 7 de decembro (día do Ensino) e todos os demais festivos locais, autonómicos e/ou nacionais.
- Días non lectivos solicitados polo Centro: 13 de outubro e 20 de maio (pendentes de autorización).

3. RELACIÓN COAS FAMILIAS

3.1. Titorías:

- As entrevistas coas persoas titoras serán os luns de 16 a 17 h. con solicitude previa.
- Os avisos, circulares e resultados de avaliacións enviaranse pola aplicación Abalar Móbil.

3.2. Acceso das familias ao centro:

- É obriga inescusable das familias traer e recoller a alumnado ao rematar as clases, comedor ou actividades extraescolares con puntualidade.

4. ENTRADAS E SAÍDAS:

- As familias chegarán coa máxima puntualidade.
- O alumnado que chegue ao centro despois de que o seu grupo teña subido a clase terá que entrar pola porta da rúa Río Avia e agardar no recibidor. Baixo ningún concepto será acompañado á clase pola persoa adulta que veña con el.
- Non se permite que o alumnado e acompañantes queden formando agrupacións no patio ou cerca das portas.

Educación Primaria: a entrada poderá facerse tanto pola porta da rúa Río Limia como pola rúa Pontedeume. A saída será exclusivamente pola porta da rúa Pontedeume.

- Ao entrar no patio o alumnado fará a fila no lugar estipulado e agardará alí ata o momento de entrar.
- Na entrada e na saída as persoas acompañantes deberán situarse nas beiras do patio sen mesturarse coas filas do alumnado.

Educación Infantil entrará e sairá pola porta da rúa Río Limia.

- As familias agardarán na beirarrúa ata que o profesorado encargado chame polo grupo.
- O alumnado de 3 anos poderá ser acompañado ata a porta do Centro só durante o período de adaptación.
- O alumnado de 4 e 5 anos entrará ordeadamente e sen acompañante.
- Entrará primeiro a clase de 5 anos, logo a de 4 e finalmente a de 3.
- A saída será á inversa.
- O alumnado de 3 anos sairá ás 13:50.

5. CONTROL DE SAÚDE.

- O alumnado enfermo ou con síntomas non poderá asistir ao Centro para preservar tanto o seu benestar como o do resto de membros da Comunidade Educativa.

6. COMEDOR ESCOLAR E MADRUGADORES

Comedor: funciona todos os días lectivos. Está xestionado pola ANPA do Colexio.

Whatsapp: 611473906

Correo electrónico: apaturuxo@gmail.com

Madrugadores de 7,30 a 9,00 h.

7. BIBLIOTECA ESCOLAR.

Debido a traballos de organización a Biblioteca estará pechada o mes de setembro. A partir de outubro o alumnado poderá facer uso da mesma de 16 a 17 h. todos os días.

8. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.

Xestionadas pola ANPA do Colexio e Concello da Coruña, animamos ás familias a que se esforcen na participación do alumnado nalgunha delas, dada a súa importancia para a formación integral das persoas.

9. REUNIÓN COMEZO DE CURSO.

As xuntanzas celebraranse o **día 25 de setembro** no seguinte horario:

- Infantil, 1º e 2º de Primaria: 16 h.
- 3º, 4º, 5º e 6º de Primaria: 17,30 h.

As familias entrarán pola porta da rúa Río Avia. Nenas e nenos non poderán asistir ás xuntanzas.

Horario de Dirección: Luns a venres de 11:30 a 13:00 h..

Horario de Secretaría: Luns a venres de 13:10 a 14:00 h.

Horario Xefatura de Estudos: Luns de 9:00 a 9:50. Resto da semana de 12:00 a 13:00 h.

10. ENTREGA DE CUALIFICACIÓNS

1ª Avaliación: 21 de decembro.

2ª Avaliación: 22 de marzo.

3ª Avaliación: 21 de xuño.

11. PÁXINA WEB DO CENTRO e ANPA

<http://www.edu.xunta.es/centrosceipcorunha/>

www.facebook.com/anparosalia/

A Coruña, 11 de setembro de 2023

O EQUIPO DIRECTIVO